

## ACTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO PARA O PROCESO DE ENCADRAMENTO DA CARREIRA HORIZONTAL DO PTXAS

**Día:** 16 de xaneiro de 2026

**Hora inicio:** 12:30

**Hora remate:** 12: 45

**Lugar:** Sala de Videoconferencia do Edificio CACTUS e Teams

### **ASISTENTES:**

Don Antonio Javier Ferreira Fernández, Xerente da USC (Presidente)

Dona Maria Pilar Martínez García, Vixexerenta Xeral Técnica

Dona Maruxa Casal Reyes, Directora da Área de Persoal

Dona Alejandra Pernas Abad, Xefa da Subárea de Plans e Programas

Por parte das organizacións sindicais, 1 de CCOO, e 1 de CSIF e 1 de UGT:

Don Enrique Tacón Fernández (CCOO)

Don Enrique José López Veloso (CSIF)

Don José Ramón Bahamonde Hernando (UGT)

Dona Yéssica Gacío Vicente (PUSC, invitada sen voto)

### **ORDE DO DIA:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (10.12.2025).
2. Avaliación do desenvolvemento do anexo IV do Acordo para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario e para o establecemento do complemento de desempeño do persoal laboral no ámbito do persoal de administración e servizos da USC.
3. Rolda aberta de intervencións.

#### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (10.12.2025):**

Apróbase por unanimidade a acta da reunión anterior.

#### **2. Avaliación do desenvolvemento do anexo IV do Acordo para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario e para o establecemento do complemento de desempeño do persoal laboral no ámbito do persoal de administración e servizos da USC:**

Intervén en primeiro lugar o xerente recordando que na última reunión quedara pendente de analizar cal era a previsión de peche de 2025 e as previsións de gasto de 2026 á vista do cal van a pagar un 10% adicional da carreira con efecto retroactivo de 1 de xaneiro de 2025 que consolida en 2026. Indica este 10% trae causa dun acordo cuxas premisas están cumpridas e que foi ratificado polo claustro. En canto ao pago indica que salvo circunstancias que agora mesmo non se poden prever se abonaría na nómina de abril.

CC.OO: indica que o 1º punto do anexo 4 xa foi cumprido en decembro. Con respecto ao 2º punto: o 10% con efectos de 2025 está ben, polo que lle dan a conformidade á proposta e daríase por cumprido co seu

pagamento no mes de abril. Recorda que quedaría o punto 3 do anexo IV referido a 2026, pero entende que a 15 días das eleccións terá que quedar pendente, pero pide que se esa circunstancia se lle transmita ao seguinte equipo.

O xerente comprométese a dar conta ao novo equipo de todos os acordos e compromisos e en particular da situación da carreira horizontal (incluída a do persoal investigador).

CSIF e UGT amosan o seu acordo, ao igual que a representante de PUSC.

Acórdase, por unanimidade, a proposta de xerencia de dar cumprimento ao punto 2 do anexo IV do acordo co pago dun 10% adicional da carreira que terá efecto retroactivo de 1 de xaneiro de 2025.

### 3. Rolda aberta de intervencións

Non hai intervencións.

Sen mais temas que tratar, e sendo as 12:45 horas remata a reunión, da que se emite a presente acta que asinan en mostra de conformidade:

Antonio Javier Ferreira Fernández,

(Xerente)

Enrique Tacón Fernández

(CCOO)

Enrique José López Veloso

(CSIF)

José Ramón Bahamonde Hernando

(UGT)

Yésica Gacifío Vicente

(PUSC, invitada con voz e sen voto)